



CONCELLO DE
OUTEIRO DE REI

Praza do Concello nº1
27150 Outeiro de Rei
Tlfo: 982 39 34 08

xuventude@concellodeouteiroderei.org

BASES DO MERCADO DE NADAL DE OUTEIRO DE REI 2025

1. OBXECTIVO

O Concello de Outeiro de Rei organiza o MERCADO DE NADAL 2025, co gallo do mesmo ten prevista a autorización administrativa para a ocupación de postos destinados á venda de produtos de Nadal, alimentación, artesanía, agasallos, complementos, etc.

Tamén disporán dun espazo o obxectos que teñan nos fogares e se lles queira dar unha segunda oportunidade.

A localización do mesmos será o pavillón do Colexio Público Laverde Ruíz o sábado día 20 de decembro en horario de 12:00 a 19:00 horas.

2. CONDICIÓNNS DE USO DOS POSTOS

Adxudicaranse un máximo de 30 postos, e cada un contará cunha mesa de 2 m e dúas cadeiras.

Os postos deberanse decorar de acorde a temática de Nadal co obxectivo de ambientar o mercado. Os e as participantes terán plena liberdade en canto á técnica e estilo de decoración. Non se permite cravar nin danar o posto.

É obrigada a apertura do posto durante o horario de apertura do mercado, é dicir, de 12:00 a 19:00 horas.

Os participantes so poderán realizar as actividades comerciais presentadas na solicitude, salvo que a organización lles permita outra distinta.

Non se permitirá a cesión do posto adxudicado a outros artesáns.

O cumprimento destas normas será supervisado pola organización durante o tempo de funcionamento do mercado de Nadal, ao remate do mesmo deberán deixar en debidas condicións o posto adxudicado para poder proceder á súa recollida.

A asignación dos postos realizarase o sábado día 20 de decembro ás 10:30 horas no propio Pavillón do Colexio Público.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de admisión permanecerá aberto do 24 de novembro ao 12 de decembro de 2025.

Unha vez cerrado o prazo de solicitude a organización adxudicará os postos procurando o beneficio do conxunto do mercado, a variedade e a calidade dos produtos de venda.

A celebración da actividade ou a posible modificación da mesma, queda supeditada á demanda existente (que non poderá ser inferior ao 50 % dos postos ofertados).

Presentación de solicitudes:

- As solicitudes pódense presentar de forma presencial nas oficinas municipais do Concello de Outeiro de Rei cubrindo o Anexo I, de luns a venres en horario de 9.00 a 15:00 horas.
- Mediante correo electrónico enviando toda a documentación a xuventude@concellodeouteiroderei.org.

A participación no Mercado de Nadal do Concello de Outeiro de Rei é gratuíta pero é preciso inscribirse para poder participar no mesmo.

Documentación a presentar:

Para profesionais:

- Fotocopia do DNI da persoa titular do posto.
- Copia da inscrición no Rexistro de Artesanía, se procede.
- Seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade no caso de dispoñer del.
- Alta no IAE e no réxime de autónomos ou no réxime que corresponda á actividade exercida.
- Carné de manipulador de alimentos.
- Anexo I cuberto e asinado.

Non profesionais:

- Fotocopia do DNI da persoa titular do posto.
- Anexo I cuberto e asinado.